

Boletín de xenética

1. Define: cromosomas homólogos, homocigótico dominante, homocigótico recesivo, heterocigótico, fenotipo, xenotipo
2. En certa especie de plantas a cor azul da flor é dominante sobre a cor branca. Como poderán ser os descendentes do cruce de plantas de flores azuis con plantas de flores brancas (ambas homocigóticas)? Fai un esquema do cruzamento
3. Certos tipos de miopía da especie humana dependen dun xene dominante; o xene para a vista normal é recesivo. Como poderán ser os fillos dun home de visión normal e dunha muller miope heterocigótica? Fai un esquema do cruzamento
4. Nas plantas de ervillas o alelo de sementes lisas é dominante sobre o alelo de sementes rugosas. A cor amarela da semente é dominante sobre a cor verde. Se se cruzan unha variedade pura lisa de cor amarela cunha variedade rugosa de cor verde:
 - a) Cal é o xenotipo e o fenotipo da primeira xeración filial?
 - b) Indicar os fenotipos da segunda xeración filial e a proporción de cada un deses fenotipos
 - c) como serán os fenotipos resultantes da autofecundación das plantas da xeración filial 1?
5. Define: herdanza intermedia, herdanza ligada ao sexo, codominancia
6. Nunha raza de gando que presenta codominancia para a herdanza da cor do pelo. Cal será a descendencia entre unha vaca e un boi (ambos heterocigóticos) coa pelaxe a manchas rubias e brancas? Cúmprense as proporcións da segunda lei de Mendel?
7. O pai dun home de grupo sanguíneo 0 é do grupo A, e a súa nai, do grupo B. Escribe os xenotipos dos pais e dos fillos. Que outros grupos sanguíneos poderán presentar os fillos da parella?
8. Se D é o alelo dominante e d é o alelo recesivo que produce o daltonismo, realiza o cruzamento entre unha nai portadora e un pai daltónico. Expresa en porcentaxe os resultados da descendencia